
Formato da XIII Carreira Quilómetros de Solidariedade"

LUNS 21 DE NOVEMBRO - 2016

✓ Lugar de celebración: **Pistas deportivas exteriores**

✓ Horario de celebración:

| | |
|---|-------------------------|
| Alumnado de 1º e 2º da ESO | 3 hora |
| O resto do alumnado | Na clase de E.F. |
| Para o resto da comunidade educativa | Horario a convir |

O alumnado e profesorado interesado en participar terá que cubrir o **carné do corredor** e **buscar patrocinio entre os seus familiares e coñecidos** que se comprometen a abonar unha cantidade (Ex. 0,50 euros) por cada quilómetro simbólico que se percorra (1 volta ás 2 pistas = 1 quilómetro). Ó final da Carreira haberá que multiplicar os quilómetros (simbólicos) percorridos polo prezo fixado por cada un dos patrocinadores/as, sumando todos obterase o resultado da aportación.

Unha vez que o participante/a reúna todo o diñeiro, entregarao a un dos profesores de Educación Física, quen entregará a suma total do recadado ao secretario do IES de Melide para que o envíe mediante transferencia bancaria á ONG Save the Children.

UN DOBRE OBXECTIVO:

En primeiro lugar, desenvolver un espírito crítico no noso alumnado ante as inxustizas que se dan no mundo con respecto aos dereitos dos nenos e nenas, acentuando a súa solidariedade. E doutra banda, recadar diñeiro para axudar a mellorar a vida de miles de nenos e nenas de ETIOPÍA.

A ONG "Save the Children" conta con organizacións nacionais en 29 países, que xuntas forman a Alianza Internacional "Save the Children", e está presente en máis de 100 países con programas de axuda. Traballa desde 1919 en tódalas áreas que afectan aos nenos e nenas: educación, saúde, nutrición, traballo infantil, prevención do abuso sexual...

Na primavera de 2016, "Save the Children" enviará unha Memoria na que explica o que se conseguiu grazas ás Carreiras Solidarias e entregará a revista "Os + Xóvenes Solidarios".
